



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FERROL

Área de Seguridade Cidadá. Negociado de Seguridade e Tráfico

Publicación da listaxe de obxectos de valor que foron depositados na Oficina de Atención Cidadá do Concello de Ferrol ata o ano 2019

Área de Seguridade e Tráfico, Mercados, Consumo, Sanidade e Benestar Animal.

Concellaría de Seguridade e Tráfico.

ANUNCIO: Publicación da listaxe de obxectos de valor que foron depositados na Oficina de Atención Cidadá do Concello de Ferrol ata o ano 2019.

O Concelleiro delegado da área de Seguridade e Tráfico, Mercados, Consumo, Sanidade e Benestar Animal, con data 4-3-2022, adoptou o seguinte acordo en base ó informe emitido pola Policía Local relativo ó asunto: Publicación no BOP da listaxe de obxectos perdidos.

“FEITOS

A Policía local dispón dunha oficina que se encarga da recollida e da xestión dos “obxectos perdidos” que se atopan neste concello, concretamente na Oficina de Atención Cidadá (OAC).

En sentido estrito o obxecto deste servizo é o depósito e a custodia dun ben moble extraviado, durante un prazo de dous anos, contados dende a data do achegamento e, de se-lo caso, a devolución deste ó seu propietario. De non ser posible a localización do propietario ou este non acudise a recollelo no prazo establecido, devolveráselle a quen o entregou, se existise e estivese identificado.

Na OAC atópanse obxectos que levan máis de dous anos e para os que lle hai que buscar outro destino.

Normativa de referencia:

Disposición Transitoria do Regulamento de funcionamento da oficina de obxectos perdidos do Concello de Ferrol: <<Trala entrada en vigor do presente regulamento procederáse respecto dos obxectos perdidos que nese momento estean nas dependencias da Policía Local de Ferrol do seguinte xeito: 1.- Publicarase na páxina web do Concello unha listaxe xenérica completa de todos eles e deberase especificar o ano no que foron depositados. Coa publicación desta listaxe concederáse un prazo extraordinario dun mes durante o cal as persoas posibles propietarias que estean interesadas poderán reclamar a propiedade dos obxectos perdidos. Para a devolución destes obxectos cumpriranse as regras establecidas no artigo 7 deste regulamento.>>

De acordo co anterior,

Cómpre publicar na páxina web do Concello e no BOP a listaxe de obxectos perdidos, como paso previo para que sexan adquiridos ou queden a disposición do Concello.”

En base ó exposto, acórdase publicar na páxina web do Concello de Ferrol e no BOP a listaxe de obxectos de valor depositados na Oficina de Atención Cidadá ata o ano 2019, e que transcorrido o período legalmente establecido ninguén reclamou. Concedéndose un prazo extraordinario de un mes, que comezará a contar a partir do día seguinte ó da súa publicación no BOP, durante o cal as persoas posibles propietarias que estean interesadas poderán reclamar a propiedade dos obxectos perdidos que se relacionan nesta listaxe. Para a devolución destes obxectos cumpriranse as regras establecidas no artigo 7 do Regulamento de funcionamento da Oficina de Obxectos Perdidos do Concello de Ferrol.

Listaxe do reconto de obxectos de valor depositados na Oficina de Atención Cidadá ata o ano 2019.

Categoría C : Reloxos, xoias, obxectos relixiosos

- Reloxos: 81
- Pulseras de ouro: 76
- Pulseras de prata: 111
- Cadeas de ouro: 24
- Cadeas de prata: 53
- Pendientes de ouro: 75
- Pendientes de prata: 71
- Aneis de ouro: 60
- Aneis de prata: 55
- Chapas, medallas e crucifixos de ouro: 31
- Chapas, medallas e crucifixos de prata: 49
- Obxectos relixiosos (Rosarios): 4
- Obxectos relixiosos de acero: 2
- Xemelos de ouro: 2

Categoría D: Teléfonos móbiles, ordenadores portátiles, tabletas, cámara fotográficas

- TELÉFONOS MÓVILES:

- Samsung: 68
- Sony Ericsson: 25
- Huawei: 23
- Iphone: 21
- LG: 20
- BQ: 14
- Nokia: 11
- Vodafone: 8
- Alcatel: 8
- Motorola: 5
- ZTE: 5
- Selecline: 3
- Wiko: 2
- Blackberry: 2
- HTC: 2
- Outras marcas: 17

- TABLETS:

- Lazer: 3
- Ipad: 1
- Samsung: 1
- Inves: 1

- ORDENADORES PORTÁTILES:

- Think Pad: 1
- Apple: 1
- HP: 1
- Acer: 1

- CÁMARAS FOTOGRÁFICAS, NAVEGADORES Y APARELLOS ELECTRÓNICOS:

- Cámaras: 6
- Navegadores y localizadores GPS: 2
- Pulseras de actividade deportiva: 3
- Reproductor de música: 1

- OUTROS OBXECTOS:

- Mechero Zippo: 1
- Colgante de Swarovski: 1
- Bolígrafo de prata: 1
- Portarretratos de prata: 1

Ferrol, 8 de marzo de 2022.

O Concelleiro Delegado da Área de Seguridade e Tráfico, Mercados, Consumo, Sanidade e Benestar Animal (por Decreto de 8-7-2019, BOP 22-7-19).

Asdo.: Germán Costoya Casas

2022/1216